

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 24.07.2025

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Ricardo Martínez Chantada
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D ^a . Ana Laura Iglesias González
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as dez horas e dez minutos do día vinte e catro de xullo do ano dous mil vinte e cinco, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a xefa de Servizo de Medio Ambiente D^a Concepción López Paz.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expediente 2025045345)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 8FWC6U66MPO33KGW), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte de xuño do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2. Dar conta do reparto de axudas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para investimentos durante o exercicio 2025 (Expediente 2025003022)

"ASUNTO: DAR CONTA DO REPARTO DE AXUDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2025 (Expediente 2025003022)

A Deputación de Pontevedra é consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 7 de marzo de 2025, aprobou as Bases Reguladoras de subvencións dirixidas ás cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€), que foron publicadas no BOPPO número 49 do 13 de marzo de 2025.

A través desta liña de actuacións subvenciónanse as inversións realizadas na mellora dos servizos prestados a os seus socios como construcións, equipamentos, maquinaria, adquisición de terras, instalacións, melloras en edificios, estudos técnicos, mobiliario, etc., ou calquera outra inversión que sirva para dito fin nas cooperativas agrogandeiras da provincia.

Porén, os obxectivos principais da convocatoria céntranse en favorecer o mantemento e a recuperación demográfica e o impulso do medio rural para a posta en valor dos seus recursos, fomentar o desenvolvemento dun sector estratéxico como o agrícola e gandeiro, e por último potenciar o desenvolvemento das infraestruturas económicas e o emprego na provincia.

Unha vez finalizado o prazo, formuláronse trece solicitudes.

Despois de revisar as solicitudes, compróbase que todas cumpren co establecido nas Bases Reguladoras e demais normas xurídicas aplicables, salvo a A MEIXOEIRA S



COOP GALEGA, que non está ao corrente de obrigacións tributarias por incumprimento de presentación de declaracións ou autoliquidacións, polo que, de acordo coa normativa legal aplicable e a liña xurisprudencial maioritaria, esta entidade non pode ser beneficiaria destas subvencións, tal como se sinala no reparo de Intervención.

Unha vez feita a valoración e aplicado o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, obtense unha proposta de reparto, que queda tal e como figura no listado que se xunta a continuación:

SUBVENCIÓNS A COOPERATIVAS 2025

CIF	Beneficiario	Finalidade	Importe (€)
F36033132	HORSAL S. COOP. GALEGA	Adquisición dunha traspaleta e unha etiquetadora	9.703,20
F36173599	COOP AGRICOLA DE FORCAREI S.COOP. GALEGA	Adquisición de equipos e sistemas informáticos, maquinaria agrícola e equipamento	22.019,40
F36188829	APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	Adquisición dunha parcela	33.518,79
F36047058	CAMPODEZA S COOP LTDA	Adquisición de diversa maquinaria agrícola	41.163,42
F36257558	COOP GANDEIRA DE BOTOS SDAD COOP GALEGA	Adquisición de maquinaria e material de vixilancia e informático	24.026,68
F36393775	SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA	Adquisición de diversa maquinaria agraria	30.578,54
F36165082	VALLE DEL DEZA SDAD COOP AGRARIA LIMITADA	Adquisición dunha carretilla elevadora e unha motoserra	5.886,53
F36334092	XUNCOGA, S. COOP. LTDA.	Adquisición dunha liña de granulación para a fabricación de pienso	32.342,69
F36477354	COOP VITIVINICOLA AROUSANA S COOP GALEGA	Adquisición dunha esfoladora dun vehículo e diverso mobiliario	45.500,00
F36211019	COBIDEZA SDAD COOP	Realización de obras menores en nave e adquisición de diversa ferralla	28.226,35
F36100782	COOP O RODO	Adquisición de diversa maquinaria para montar taller mecánico e un automóbil	44.103,66
F36014835	C.C.A. PORTA RIO MIÑO SCG	Adquisición camión	32.930,74



Documento asinado dixitalmente'

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

3. Dar conta da aprobación do protocolo de actuación para a realización de análises e identificación de pragas de cuarentena entre a Dirección Geral de Alimentação e Veterinaria (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Diputación de Pontevedra, España). (Expediente 2025047392)

"DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ANÁLISES E IDENTIFICACIÓN DE PRAGAS DE CUARENTENA ENTRE A DIRECCIÓN GERAL DE ALIMENTAÇÃO E VETERINARIA (DGAV) DE PORTUGAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ESPAÑA). EXPEDIENTE 2025047392.

En xullo de 2024 aprobouse o protocolo de actuación para a realización de análise e identificación de pragas de corentena entre a Dirección Xeral de Alimentación e Veterinaria (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Deputación de Pontevedra, España). As pragas incluídas neste protocolo son 27 e preséntanse na seguinte táboa:

Praga	
<i>Aleurocanthus citripertus</i>	<i>Lycorma delicatula</i>
<i>Aleurocanthus spiniferus</i>	<i>Nemorimyza maculosa</i>
<i>Aleurocanthus woglumi</i>	<i>Neoleucinodes elegantalis</i>
<i>Ceratocystis platani</i>	<i>Pityophthorus juglandis</i>
<i>Diaphorina citri</i>	<i>Scirtothrips aurantii</i>
<i>Elsinoë fawcettii</i>	<i>Scirtothrips citri</i>
<i>Eotetranychus lewisi</i>	<i>Scirtothrips dorsalis</i>
<i>Epitrix cucumeris</i>	<i>Tecia solanivora</i>
<i>Epitrix papa</i>	<i>Tilettia indica</i>
<i>Epitrix subcrinita</i>	<i>Tomato Leaf Curl New Delhi Virus</i>
<i>Epitrix tuberis</i>	<i>Toxoptera citricida</i>
<i>Geosmithia morbida</i>	<i>Trioza eryteae</i>
<i>Grapevine flavescence doree</i>	<i>Unaspis citri</i>
<i>phytoplasma</i>	
<i>Keiferia lycopersicella</i>	



O obxectivo deste protocolo é regular e establecer os termos da colaboración entre a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Deputación de Pontevedra) e a Dirección-Geral de Alimentación e Veterinaria, nos termos do disposto nos números 1.º a 5.º do artigo 37.º do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo do 15 de marzo de 2017. O seu ámbito de aplicación é a recollida, manipulación, envío, recepción e tratamento das mostras recollidas para a detección e identificación de organismos nocivos en vexetais e establecer as normas que rexen a comunicación dos resultados, o uso e a confidencialidade destes, así como a contía da facturación e o método de pago.

As mostras enviadas pola DGAV de Portugal serán analizadas cumprindo as disposicións normativas vixentes e os protocolos de actuación da Estación Fitopatolóxica Areeiro. O coste total dos traballos será ata un máximo de 14.260,00€ (IVE non incluído).

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica'

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

4. Dar conta da renovación das bases e da prórroga da contratación das visitas guiadas á Estación Fitopatolóxica Areeiro (Expediente 2025030745)

"DAR CONTA DA RENOVACIÓN DAS BASES E DA PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DAS VISITAS GUIADAS Á ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO. EXPEDIENTE 2025030745"

Con data 23 de xuño, publicáronse as Bases Reguladoras das visitas guiadas á Estación Fitopatolóxica Areeiro. Estas visitas, que ten un sentido didáctico e formativo, son realizadas por un guía especializado e formado, e permiten dar a coñecer o traballo que se está a facer e o patrimonio que forman os seus xardíns, e vense realizando dende o 2022.

Con isto prorrógase o contrato que a Deputación de Pontevedra tén coa empresa Espiral Xestión Cultural para a realización destas visitas guiadas, adxudicado mediante contratación pública e asinado fai un ano.

As visitas, que poden realizarse todos os martes e xoves e o primeiro e terceiro sábado do mes, deben reservarse a través da páxina Web da estación Fitopatolóxica Areeiro, son gratuítas, desenvólvense en grupos de 2 a 30 persoas, dirixidas por un guía especializado, e teñen unha duración de 2 horas.



A Deputación de Pontevedra nun exercicio de transparencia e de servizo á cidadanía, busca establecer un servizo de visitas guiadas para divulgar as tarefas que se realizan no Servizo Estación Fitopatolóxica de Areeiro A posta en marcha dun programa de visitas á EFA por parte da Deputación enténdese dentro das competencias do fomento do interese xeral da provincia dando a coñecer a súa labor de I+D+I.,

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica'

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

5. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e vinte minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

